

As instrucións para o desenvolvemento da FP no curso 2026/27 recollen avances organizativos que **responden a reiteradas demandas do profesorado e melloran a atención ao alumnado.**

1



FUNCIÓNS PROPIAS DOS CIFP

Instrucións: Artigo 12.3

Recoñece a posibilidade de destinar horas complementarias fixas a funcións ou accións inherentes aos CIFP. Recoñecemento horario a tarefas do sistema de calidade, proxecto funcional, planificación anual e coordinación das áreas funcionais.

Máis dedicación horaria para tarefas específicas dos CIFP: calidade, áreas funcionais, etc.

2



APOIO Á FORMACIÓN NA EMPRESA

Instrucións: Artigo 12.5

Os centros con elevada oferta de FP terán autonomía para asignar horas ao profesorado para reforzar o desenvolvemento da fase de formación na empresa.

Isto suporá un reforzo, dentro de cada familia profesional, tanto para a Coordinación de FCT do centro como para quen titorice esa FCT.

Mellora coordinación e seguimento da fase de formación en empresa

3



MÁIS REFORZO EN GRAO BÁSICO

Instrucións: Artigo 13.2

Na elaboración dos horarios e na asignación das ensinanzas, os centros deberán ter en conta especialmente as necesidades de apoio, reforzo, recuperación e acompañamento educativo do alumnado de grao básico. Permítese asignar profesorado con horario lectivo dispoñible durante todo o curso e tamén na fase de formación na empresa.

Este reforzo é extensible ao grao medio e superior (**Artigo 13.3**)

Máis apoio educativo para o alumnado que máis o precisa

